

O XORNAL

• Organización:

- ❶ **EDITOR:** representante da empresa propietaria do xornal.
- ❷ **DIRECTOR:** responsable de valorar as novas que se producen e de encargar as investigacións sobre elas.
- ❸ **SUBDIRECTOR:** Completar o traballo do director e substituílo cando falte.
- ❹ **REDACTORES XEFES:** Dividen o xornal en 3 ou 4 grandes áreas e encárganse cada un deles dunha. Controlan directamente a composición diaria do xornal.
- ❺ **XEFES DE SECCIÓN:** Encárganse das novas: locais, nacionais, internacionais, cultura, economía, deportes, televisión, etc...
- ❻ **REDACTORES e AUXILIARES de REDACCIÓN:** son os xornalistas que teñen que saír cubrir as novas e redactalas. Lévanas ao xornal e alí son os xefes de sección, redactores xefes, etc... os que as valoran.
- ❼ **ENVIADOS ESPECIAIS:** son os xornalistas que cubren a información onde suceden os feitos.
- ❽ **CORRESPONSAIS:** son os xornalistas que cubren a información en diversas capitais e pobos do país onde se fai o xornal.
- ❾ **COLABORADORES:** Escriben artigos no especificamente xornalístico: columnas, comentarios, críticas, etc...
- ❿ **FOTÓGRAFOS e MAQUETADORES:** preparan a composición de cada páxina.

• O traballo do xornalista:

O traballo do xornalista comenza a media mañá, sempre e cando non ocorra ningún suceso imprevisto de madrugada.

Xeneralmente pola mañá é o momento de recoller información e planificar o traballo do día. Pola tarde redáctanse as novas, engádense gráficos e fotografías.

Tamén pola mañá se distribúen os anuncios que logo aparecerán no xornal.

Pola noite se traballa moito no xornal. Teñen que rematarse as informacións e ás veces substitúense ou modifícanse por outras novas importantes que se producen a última hora.

Unha vez redactadas as novas e maquetadas as páxinas, comeza o traballo das **rotativas**. No último momento aínda se poden incluír ás últimas novas na sección destinada a **ÚLTIMA HORA**.

• As axencias de noticias:

O normal é que as novas cheguen ao xornal da man dun redactor.

En moitos casos chegan a través dun ordenador cunha axencia de noticias. As axencias serven a varios medios de comunicación. Nelas traballan xornalistas que recollen todas as novas que ocorren, as envían á central da axencia, que as manda por ordenador aos xornais abonados aos seus servizos.

As principais axencias de noticias son: Efe, Europa Press, Colpisa. En Galicia: Axencia Galega de Noticias.

- **Unha profesión para persoas responsables**

O xornalista debe transmitir sempre ao lector informacións comprobadas e contrastadas.

- **O estilo xornalístico:**

As catro regras de ouro da linguaxe xornalística son: **claridade, concreción, exactitude e brevidade.**

- **A linguaxe xornalística:**

As frases deben ser curtas, pero sen caer na monotonía. O qué se conta e cómo se conta debe manter o noso interese (o do lector).

- **As páxinas do xornal:**

Un xornal está formado por páxinas. Nas páxinas distribúense as diferentes novas, reportaxes, fotografías, etc...

Maquetar a páxina consiste en distribuír as informacións e ilustracións nela. Utilízanse os recadros para enmarcar as informacións.

Regra de ouro: non acumular demasiada información nunha páxina para manter a atención do lector.

As páxinas dos xornais contan normalmente con cinco columnas. Según a importancia da información esta ocupará unha ou 5 columnas.

A información principal irá na cabeceira da páxina. Tamén son criterios valorativos o título, tamaño das letras, ilustracións gráficas que acompañen á noticia, ...

Nos xornais hai dúas páxinas fundamentais: a portada e a última. A portada pretende ser o reflexo do interior, debe presentar o contido fundamental do xornal, pero tamén ser atractivo, estimulando a curiosidade do lector.

A última páxina, todos os diarios procuran que sexa divertida e entretida, para que predispoña ao lector a seguir mercando o xornal.

As páxinas centrais destínanse a suplementos periodicos ou especiais referidos a temas específicos. Os suplementos periodicos aparecen con regularidade e tratan sobre: educación, economía, consumo, cultura, saúde, ciencia, etc... Os suplementos especiais adícanse ás festas dunha cidade, moda, informática, etc...

Os xornais entregan ademais revistas sobre televisión ou de información xeral os sábados e os domingos.

• Os titulares e a entrada:

Os titulares son o elemento máis importante dunha información. Recollen a esencia da noticia e serven para chamar a atención do lector. Son breves e deben responder fielmente á información.

As noticias fundamentais de cada páxina comezan normalmente cunha entrada e soen ser en letra negriña, redonda ou cursiva. Debe conter os datos principais da información.

• Os xéneros xornalísticos:

As informacións dun xornal preséntanse de diferente maneira, cada unha delas chámase xénero xornalístico.

A noticia: é un artigo no que se informa dun feito de interese ocorrido recentemente. Distínguese pola brevidade e obxectividade. O seu fin é informar dun suceso sen analízalo nin comentalo. A redacción dunha nova, para ser completa, debe responder a estas seis preguntas: que?, quen?, cando?, onde?, como? e por que?

A noticia débese estruturar en dúas partes: a entrada e o corpo, onde se amplía.

Reportaxe xornalístico: é un artigo baseado nas investigacións dun

xornalista sobre un tema que poida ser ou non de actualidade.

Crónica: é un relato no que o xornalista valora e interpreta feitos. A crónica é comentario e información. Os tipos de crónica que se poden atopar na prensa son: deportiva, local, parlamentaria, de sucesos, de espectáculos, de arte, de literatura, etc...

Columna: está relacionada coa crónica e caracterízase pola súa periodicidade fixa e por estar asinada pola mesma persoa.

Entrevista: basease nas declaracións obtidas mediante o diálogo cun personaxe.

• As seccións do xornal:

Os xornais están divididos en seccións. Cada sección agrupa as noticias relativas a un apartado informativo. As seccións distribúense polo xornal en páxinas: un epígrafe co nome da sección encabeza a páxina onde se recollen as informacións e os artigos relativos a ese tema xeral.

Internacional: recolle as informacións referidas ao que pasa fóra de España.

Nacional: agrupan as informacións de España.

Rexional: recolle as informacións da Comunidade Autónoma.

Local: recolle novas da localidade.

As seccións local e rexional diferencian á prensa galega da do resto do Estado.

Colaboracións e opinións

Mancheta: xeneralmente nun recadro aparece a información relativa a quen escribe no xornal, quen son os editores, etc...

Axenda: recollen horarios de tren, autobuses, avións, avisos de exposicións, programación cinematográfica, famacias de garda, teléfonos de urxencia, etc...

* Algúns xornais teñen unha sección na que recollen as noticias principais ou curiosas que se publicaron ese mesmo día fai 25, 50 ou 75 anos.

O Tempo: mediante mapas informa do tempo.

Marítima: recolle información relativa ao mundo do mar, horas de mareas, movementos nas lonxas,

Laboral: recolle información relacionada co mundo do traballo.

Bolsa e finanzas: recolle cotizacións na bolsa.

Anuncios por palabras: é unha sección publicitaria onde se dan ofertas e demandas variadas en pequenos módulos de letra pequena.

Deportes: é unha das seccións fundamentais. As fotografías teñen unha gran importancia nesta sección.

Sucesos: as informacións de sucesos nacionais ou accidentes se presentan en forma de noticia.

Sociedade: se engloban numerosas cuestións que van dende sanidade, ensinanza, relixión, noticias do corazón, avances da ciencia,

Cultura: recolle información referida ás artes plásticas, libros, teatro, conferencias, seminarios, concertos, ...

Comunicación: recollen as informacións relativas aos avances e novidades que surxen no mundo das comunicacións.

Televisión: é outra sección das máis populares. Ademais da programación completa diaria das diferentes cadeas, recollen información sobre as películas do día, algún comentario de opinión.

Cartas ao Director: nela se publican algunhas cartas dos lectores opinando sobre determinadas informacións facilitadas polo diario.

Esqueles mortuorias

Pasatempos

Última Hora: nela recóllense as últimas novas do día. Para elas se reserva un espacio nas páxinas finais do xornal.

• Diferentes clases de xornais:

- Prensa diaria: é a que se publica todos os días:
 - Diarios nacionais: van dirixidos ao público de toda España.
 - Diarios locais: ofrecen informacións referidas a unha poboación determinada.
 - Diarios da mañá:ponse á venda pola mañá e contén unha información moito máis ampla e xeral.
 - Diarios da tarde: aparecen pola tarde e recollen as noticias de última hora.
- Prensa periódica: son as revistas que aparecen cada semana, cada 15 días ou cada mes.

• Os xornais galegos:

- A Rexión: de Ourense.
- Atlántico Diario: editado en Vigo.
- Diario 16 de Galicia: édítase en Vigo.
- Faro de Vigo.
- Diario de Pontevedra
- El Correo Gallego: editado en Santiago de Compostela.
- La Voz de Galicia: editado na Coruña.
- El Ideal Gallego: editado na Coruña.
- El Progreso: de Lugo.
- Xornal Día a Día: que acabou pechando.